Concello de AMES

Pilar Villaverde Cutrín, Técnica de Mocidade e Información Xuvenil do Concello de Ames, a petición da Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación por procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do servizo para o desenvolvemento do Programa de Formación Xuvenil "LIDERA", emito o seguinte

INFORME

1. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a valoración das propostas técnicas das distintas empresas licitadoras, tivéronse en conta criterios non avaliables de forma automática, tal e como se recolle no punto 20.5 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación por lotes do servizo para o desenvolvemento do programa de formación xuvenil "LIDERA":

..."20.5.- Criterios de valoración
Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:
a) Criterios Subxectivos.
Criterios non avaliables de forma automática. Referencias Técnicas, máximo 50 puntos
Plan de traballo e metodoloxía a seguir (obxectivos propostos, programación, actividades individuais e grupais,..), máximo 30 puntos.
Medios materiais e técnicos para a prestación do servizo, máximo 10 puntos.
Coordinación co departamento de Mocidade e sistema de avaliación, máximo 10 puntos"...

O programa de formación xuvenil "LIDERA" está composto por varias accións formativas que se impartirán por lotes de maneira independente, polo que a valoración das propostas será específica para cada lote.

Concello de AMES

2. **VALORACIÓN DAS PROPOSTAS**

LOTE N.º 1.- CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS (máximo 50 puntos)

- **MAGNAFOR QUALITAS S.L: 25 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Estruturan a programación da acción formativa en tres fases (planificación, execución e peche), presentando un plan de traballo tipo, xenérico, non específico da formación a impartir. Especifican unha metodoloxía práctica a través de sesións activas e participativas, favorecendo o diálogo e propiciando o aprendizaxe por descubrimento. Traballarase a través de métodos demostrativos de "aprender a facer" e "aprender facendo", mediante ferramentas metodolóxicas (claridade e concreción expositiva, fomento da participación e traballo en equipo, e titorización permanente dos participantes). Os obxectivos e contidos a impartir correspóndense coa finalidade da formación, aínda que se describen con moita brevidade.	O equipo docente contará como mínimo cun ano de experiencia en docencia en materia de Primeiros Auxilios. Especifican medios didácticos (material impreso e audiovisual), pero aporta escaso material específico de primeiros auxilios (atención sanitaria).	Presentan unha boa coordinación do departamento, establecendo un contacto de inicio a fin para planificar e avaliar a acción formativa. Considérase apropiada a avaliación da formación a través de enquisas, informe de resultados e memoria final con reportaxe fotográfica. Para o desenvolvemento dun curso de 20h de duración considérase pouco axeitada a fase de seguimento (puntos 1 e 2 da fase 3), sendo suficiente durante a acción formativa o control de asistencia diaria por parte do docente e a comunicación de calquera incidencia ao departamento de Mocidade.
10	5	10

- **ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.: 20 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan un plan de traballo tipo, non específico desta acción formativa. Mediante a programación que presentan pretenden proporcionar ao alumnado os coñecementos	O equipo docente contará con experiencia na materia. Especifica a entrega de	Valórase positivamente o sistema que ofrece a empresa de resolución de incidencias, e a comunicación co departamento de Mocidade,

teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para aplicalos. Traballan a través dunha metodoloxía teórico-práctica activa, participativa e dinámica, intentando crear un espazo de encontro e intercambio, e potenciando o traballo en grupo (foro de debate, exercicios prácticos e cuestionarios de avaliación do temario). Propoñen uns contidos específicos e amplos en primeiros auxilios, e unha breve descrición dos obxectivos a conseguir que se corresponden coa finalidade da formación.	manual, medios didácticos (escritos, audivisuais e informáticos), material funxible e medios técnicos, pero non fai referencia ao material específico en primeiros auxilios.	aínda que todo proceso de inscrición así como a organización da acción formativa (lugar de realización, datas e horario, listado de participantes, comunicación cos mesmos, etc) corresponderalle ao propio departamento de Mocidade, que facilitará os datos á empresa, non á inversa. A avaliación (formativa e sumativa) e os seus resultados a través do control de asistencia, os cuestionarios de satisfacción e o informe final con reportaxe fotográfica está ben estruturada.
10	0	10

- **SENES CIT S.L.: 15 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan un programa tomando de referencia o contido da UC0272_2 (Asistir como primeiro intervinte en caso de accidente ou situación de emerxencia), relacionado con distintos certificados de profesionalidade. Na memoria faise mención da necesidade de adaptar a estrutura desta unidade de competencia á acción formativa que nos atinxe, pero non se especifica o modo. Aínda que a temática sexa a mesma e/ou estea relacionada, non se especifica a organización concreta deste curso senón que se cita en ocasións literalmente as características da UC nomeada, sen adaptala á realidade deste curso. Os contidos son demasiado extensos para a formación solicitada, con demasiada información non específica desta formación. Falta tamén concreción na metodoloxía do curso que se vai a impartir.	En canto ao equipo docente só se cita que serán os que establece o anexo IV dun certificado de profesionalidade que non concretan, e que non se pode equiparar con este curso, (ao igual que ocorre cos contidos, coa metodoloxía, cos medios...) Especifican a entrega de manual, material didáctico e funxible, pero non fai ningunha referencia ao material específico en primeiros auxilios.	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa correcta, a través da observación e unha avaliación final mediante un test aos participantes. Levarase un control de asistencia. Non se fai referencia á coordinación co departamento de Mocidade.
10	0	5

- **ARENARIA COORDINACIÓN S.L.: 45 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha proposta ben adaptada aos criterios esixidos no prego do programa. Valórase positivamente a proposta de tres bloques de contidos, máis amplos que os mínimos establecidos, citando diferentes ámbitos de actuación en primeiros auxilios. Terase en conta o contexto sociocultural do alumnado e o seu contorno para mellorar a comprensión e relación dos contidos impartidos e a súa realidade de actuación. Os obxectivos están ben definidos e correspóndense coa finalidade da formación. Presentan unha metodoloxía teórico práctica ben encamiñada á consecución dos obxectivos propostos, alternando a exposición dos fundamentos teóricos dos primeiros auxilios (explicacións sinxelas e apoios audiovisuais) coa parte práctica (case a totalidade das sesións). As prácticas serán levadas a cabo polo propio alumnado, dixirido polo docente a través de casos prácticos e traballo en equipo.	O equipo docente está composto por dous profesionais con formación e experiencia na materia. Especifica a entrega de material funxible, audiovisual, e un completo listado de material específico de primeiros auxilios.	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa correcta, a través da observación e unha avaliación mediante enquisas aos participantes. Levarase tamén un control de asistencia. Realizaranse reunións docentes para valorar o desenvolvemento do curso e unha comunicación fluída co departamento de Mocidade para informar do avance da acción formativa.
25	10	10

- **QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L. : 35 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha proposta cunha breve descrición de obxectivos, e cunha relación de contidos básicos e actividades prácticas en primeiros auxilios, que fan referencia e se adecúan ben á acción formativa requirida	O equipo docente está composto por dous profesionais con formación e experiencia na materia.	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa correcta (diagnóstica, procesual e final). A avaliación final elaborarase a través dunhas enquisas de satisfacción aos participantes

nos pregos do programa, aínda que con demasiada brevidade. A metodoloxía está deseñada para mellorar o perfil profesional do alumnado mediante o desenvolvemento de competencias que posibiliten unha aprendizaxe continua e adaptativa. Falta de concreción das estratexias metodolóxicas coa que traballarán nesta acción formativa en concreto.	Especifican a entrega de material funxible e un completo listado de material específico de primeiros auxilios. Fan entrega dunha certificación oficial en caso de superar o curso con éxito.	que se entregarán xunto cunha memoria final ao departamento. Designan unha persoa coordinadora do proxecto, ademais do equipo docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade.
15	10	10

LOTE N.º 2.- CURSO LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA (máximo 50 puntos)

- **ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presenta un plan de traballo tipo, non específico desta acción formativa. Mediante a programación que presentan pretenden proporcionar ao alumnado os coñecementos teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para aplicalos. Traballan a través dunha metodoloxía teórico-práctica activa, participativa e dinámica, intentando crear un espazo de encontro e intercambio, e potenciando o traballo en grupo (foro de debate, exercicios prácticos e cuestionarios de avaliación do temario). Propoñen uns contidos específicos e amplos en lingua de signos, e unha breve descrición dos obxectivos a conseguir que se corresponden coa finalidade da formación.	O persoal que imparta a acción formativa contan con acreditada experiencia docente. Especifican a entrega de manual formativo, medios didácticos (escritos, audiovisuais e informáticos), material funxible e medios técnicos.	Valórase positivamente o sistema que ofrece a empresa de resolución de incidencias, e a comunicación co departamento de Mocidade, aínda que todo proceso de inscrición así como a organización da acción formativa (lugar de realización, datas e horario, listado de participantes, comunicación cos mesmos, etc) corresponderalle ao propio departamento de Mocidade, que facilitará os datos á empresa, non á inversa. A avaliación (formativa e sumativa) e os seus resultados a través do control de asistencia, os cuestionarios de satisfacción e o informe final con reportaxe fotográfica está ben estruturada.
10	10	10

Concello de AMES

LOTE N.º 3.- MÁIS QUE 2.0 (máximo 50 puntos)

- **MAGNAFOR QUALITAS S.L: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Estruturan a programación da acción formativa en tres fases (planificación, execución e peche), presentando un plan de traballo tipo, xenérico, non específico da formación a impartir. Especifican unha metodoloxía práctica a través de sesións activas e participativas, favorecendo o diálogo e propiciando o aprendizaxe por descubrimento. Traballan a través de métodos demostrativos de "aprender a facer" e "aprender facendo", mediante ferramentas metodolóxicas (claridade e concreción expositiva, fomento da participación e traballo en equipo, e titorización permanente dos participantes). Os obxectivos e contidos a impartir correspóndense co requirido nos pregos do programa e coa finalidade desta formación en concreto. Traballarán o poder da marca persoal, diferenciada e positiva, a creación e desenvolvemento dunha marca sólida e axeitada aos obxectivos profesionais, e a utilización de novas ferramentas para crear proxectos e negocios viables co menor risco posible.	O equipo docente contará como mínimo cun ano de experiencia como formador en materia de emprendemento. Especifican como recursos un manual e material didáctico funxible.	Presentan unha boa coordinación do departamento, establecendo un contacto de inicio a fin para planificar e avaliar a acción formativa. Considérase apropiada a avaliación da formación a través de enquisas, informe de resultados e memoria final con reportaxe fotográfica. Para o desenvolvemento de obradoiros de 8h de duración considérase pouco axeitada a fase de seguimento (puntos 1 e 2 da fase 3), sendo suficiente durante a acción formativa o control de asistencia diaria por parte do docente e a comunicación de calquera incidencia ao departamento de Mocidade.
10	10	10

- **ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan un plan de traballo tipo, non específico desta acción formativa. Mediante a programación que presentan pretenden proporcionar ao alumnado os coñecementos teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para aplicar os mesmos. Traballan a través dunha metodoloxía teórico-práctica activa, participativa e dinámica, intentando crear un espazo de encontro e intercambio, e potenciando o traballo en grupo (foro de debate, exercicios prácticos e cuestionarios de avaliación do temario). Presentan uns obxectivos e uns contidos específicos e amplos, que se corresponden co reflexado nos pregos xa que van encamiñados a traballar o emprendemento xuvenil e o coñecemento e manexo das ferramentas dixitais para deseñar perfís profesionais da mocidade.	O persoal que imparta a acción formativa conta con acreditada experiencia como formador en emprendemento. Especifican a entrega de manual formativo, medios didácticos (escritos, audiovisuais e informáticos), material funxible e medios técnicos.	Valórase positivamente o sistema que ofrece a empresa de resolución de incidencias, e a comunicación co departamento de Mocidade, aínda que todo proceso de inscrición así como a organización da acción formativa (lugar de realización, datas e horario, listado de participantes, comunicación cos mesmos, etc) corresponderalle ao propio departamento de Mocidade, que facilitará os datos á empresa, non á inversa. A avaliación (formativa e sumativa) e os seus resultados a través do control de asistencia, os cuestionarios de satisfacción e o informe final con reportaxe fotográfica está ben estruturada.
10	10	10

- **QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.: 35 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha proposta onde se especifica unha serie de obxectivos, contidos e actividades para cada un dos tres obradoiros que comprenden o ciclo formativo. Ademais, amplían as temáticas con outros contidos de interese e relacionados coa temática. Traballarán o autocoñecemento e proxección dun mesmo, a importancia das redes sociais para o perfil profesional, e a comprensión dos novos mercados de	O equipo docente é moi variado e con profesionais con formación e experiencia na materia (especifican a formación dos docentes). Especifican a entrega dun kit de material ao alumnado,	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa correcta (diagnóstica, procesual e final). A avaliación final elaborarase a través dunhas enquisas de satisfacción aos participantes que se entregarán xunto cunha memoria final ao departamento. Designan unha persoa coordinadora do proxecto,

traballo na era dixital. A metodoloxía que utilizan está deseñada para mellorar o perfil profesional do alumnado mediante o desenvolvemento de competencias que posibiliten unha aprendizaxe continua e adaptativa. Falta de concreción das estratexias metodolóxicas coas que se traballará nesta acción formativa en concreto.	deseñado e elaborado específicamente para este programa: material funxible, medios tecnolóxicos, material didáctico,...	ademais do equipo docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade.
15	10	10

- **SERVIPLÚS TOTAL S.L.: 20 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan uns obxectivos axeitados ao ciclo formativo e ao solicitado nos pregos. Plantexan uns contidos amplos e ben estruturados para traballar os tres obradoiros do ciclo, pero non especifican a metodoloxía a seguir para impartir a formación. Traballarán o autocoñecemento persoal e profesional, así como as ferramentas necesarias para desenvolver a marca persoal. En canto ao marketing dixital traballarán a creación dun plan de marketing, dando a coñecer nichos de emprego da comarca (técnicas e profesións). No tocante ao emprendemento xuvenil estudaranse experiencias exitosas e novidosas, xacementos de emprego e novos requerimentos de perfís profesionais e emprendemento na rede.	Non especifica os recursos humanos que desenvolverán a actividade. Agás polo material funxible e audiovisual que describe inicialmente, a memoria especifica material impreso de clases de matemáticas, polo que non se corresponden co servizo solicitado.	Non especifican o sistema de avaliación que seguirán para o bo desenvolvemento da acción formativa nin do progreso do alumnado. En canto á coordinación co departamento de mocidade establecen unha reunión previa do docente co responsable do concello, e a presentación mensual dun informe de funcionamento da clase.
15	0	5

- **NORFORMACIÓN S.L.: 45 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Describen a programación dos cursos de maneira moi específica e axeitada ao solicitado (obxectivos, contidos e actividades de cada obradoiro), incluíndo unha planificación temporal e reforzando a metodoloxía didáctica presencial cunha plataforma virtual propia, ampliando así a oferta formativa e creando contornos flexibles para o aprendizaxe. A través da transmisión de coñecementos teóricos, prácticos e actitudinais tanto grupais como individuais, promoverase a adquisición das ferramentas necesarias para que o alumnado rompa a brecha dixital e incorpore as tecnoloxías no deseño do seu perfil profesional. Nos obradoiros traballarase de maneira práctica a mellora das oportunidades laborais a través do deseño e planificación da estratexia profesional e a marca persoal, as ferramentas de marketing dixital existentes e o papel do community manager, e por último fomento da actitude emprendedora, converter a idea de negocio nun proxecto viable e o análise doutras experiencias de emprendemento xuvenil de éxito en diferentes sectores.	Definen correctamente as tarefas do equipo docente en canto a organización das clases, a interacción co alumnado, e a avaliación dos métodos e técnicas pedagóxicas aplicables nas accións formativas. Especifican a entrega de medios materiais individuais (cartafol con contidos do obradoiro, material funxible e usb) e colectivos (entre outros a plataforma educativa virtual) axeitados para o desenvolvemento das accións formativas	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa diagnóstica, procesual e final. Fan un seguimento continuo da evolución do proxecto, e finalmente elaborarán enquisas de satisfacción aos participantes que se entregarán xunto cun informe de resultados. Designan unha persoa coordinadora do proxecto, ademais do equipo docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade. Presentan un bo sistema de organización do servizo, onde se especifica a permanente coordinación entre a empresa e o concello.
25	10	10

- **GDOCE Grupo empresarial de servicios S.L.: 35 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha proposta de obxectivos e contidos axeitado para os tres obradoiros, con posibilidade de adecuar e consensuar co concello calquera variación antes do inicio. Apostan pola interactividade a nivel metodolóxico, empregando dinámicas activas, con material visual e adaptado á realidade do concello de Ames. Traballarán os instrumentos para coñecer e fornecer a marca persoal para definir un plan de creación e aplicación da mesma, o coñecemento das principais ferramentas de marketing dixital a nivel persoal e profesional e a súa utilidade, e o fomento da capacidade de emprender do alumnado	O equipo de traballo está composto por varios profesionais, todos eles con formación e experiencia na materia. Especifican a entrega de material (carpeta, bolígrafo, bloc de notas, programa e documentación dos obradoiros).	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa a través dunhas enquisas aos participantes, mediante as que se elaborará un informe de satisfacción e un informe final de execución e se entregará ao departamento de mocidade. Designan unha persoa coordinadora do proxecto, ademais do equipo docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade.
15	10	10

LOTE N.º 4.- ENGLISH TODAY! (máximo 50 puntos)

- **ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan un plan de traballo tipo, non específico desta acción formativa. Mediante a programación que presentan pretenden proporcionar ao alumnado os coñecementos teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para aplicar os mesmos.	O persoal que imparta a acción formativa contará con acreditada experiencia docente. Especifica a entrega de	Valórase positivamente o sistema que ofrece a empresa de resolución de incidencias, e a comunicación co departamento de Mocidade, aínda que todo proceso de inscrición así como a organización da acción formativa (lugar de

Traballan a través dunha metodoloxía teórico-práctica activa, participativa e dinámica, intentando crear un espazo de encontro e intercambio, e potenciando o traballo en grupo (foro de debate, exercicios prácticos e cuestionarios de avaliación do temario). Os obxectivos correspóndense coa finalidade da formación. Propoñen uns contidos breves e pouco definidos, suxerindo a concreción dos mesmos unha vez se coñeza o perfil dos participantes.	manual formativo, medios didácticos (escritos, audiovisuais e informáticos), material funxible e medios técnicos.	realización, datas e horario, listado de participantes, comunicación cos mesmos, etc) corresponderalle ao propio departamento de Mocidade, que facilitará os datos á empresa, non á inversa. A avaliación (formativa e sumativa) e os seus resultados a través do control de asistencia, os cuestionarios de satisfacción e o informe final con reportaxe fotográfica está ben estruturada.
10	10	10

- **QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.: 40 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha proposta onde se especifican uns obxectivos, contidos e actividades para un bo desenvolvemento da acción formativa, e acordes co solicitado nos pregos do programa. O procedemento basearase nunha formación práctica para potenciar unha aprendizaxe significativa a través de dinámicas que involucren ao alumnado e potencien a adquisición dos coñecementos necesarios en lingua inglesa para enfrontarse a situacións cotiás. A metodoloxía que utilizan está deseñada para mellorar o perfil profesional do alumnado mediante o desenvolvemento de competencias que posibiliten unha aprendizaxe continua e adaptativa.	O docente é un profesional con formación e experiencia na materia (especifica a formación do docente). Especifican a entrega de material ao alumnado, material funxible, material didáctico,...	Presentan un sistema de avaliación da acción formativa correcta (diagnóstica, procesual e final). A avaliación final elaborarase a través dunhas enquisas de satisfacción aos participantes que se entregarán xunto cunha memoria final ao departamento. Designan unha persoa coordinadora do proxecto, ademais do docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade.
20	10	10

- **SERVIPLÚS TOTAL S.L.: 15 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha memoria explicativa do seu propio método de aprendizaxe Serviplus, onde o alumnado observa o aprendizaxe da lingua inglesa como un proceso continuo ao longo do tempo dacordo cun dos principios fundamentais do MERL. O método Serviplús desenvolve a súa propia metodoloxía baseada na Cabridge University, reforzando con elementos menos formais que doten ao curso de dinamismo e convirta as clases en máis amenas. Na memoria céntranse en describir o funcionamento do seu método, sen adaptar o plan de traballo ao solicitado nos pregos, polo que os obxectivos e contidos non se corresponden aos especificados para esta acción formativa. A metodoloxía empregada e a programación que presentan refírese á preparación do First Certificate e da proba de acceso á universidade para alumnado de bacharelato, polo que non se corresponde á acción formativa de English today!.	Non especifican os recursos humanos que desenvolverán a actividade. Agás polo material funxible e audiovisual que describe inicialmente, a memoria especifica material impreso de clases de matemáticas, polo que non se corresponden co servizo solicitado.	Non especifican o sistema de avaliación que seguirán para o bo desenvolvemento da acción formativa nin do progreso do alumnado. En canto á coordinación co departamento de mocidade establecen unha reunión previa do docente co responsable do concello, e a presentación mensual dun informe de funcionamento da clase.
10	0	5

- **SPEAK GALICIA: 5 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Non especifican o plan de traballo na documentación presentada (obxectivos, contidos, actividades...). Presentan unha descrición moi breve que simplemente fai referencia ao método Speak Galicia, sen incluír información concreta da acción formativa a desenvolver.	Non especifican medios concretos que se utilizarán na acción formativa, nin o persoal ao cargo.	Non presentan un sistema de avaliación da acción formativa, nin especifican ningún tipo de coordinación co departamento de Mocidade.
5	0	0

Concello de AMES

LOTE N.º 5.- REFORZO EDUCATIVO (máximo 50 puntos)

- **ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presenta un plan de traballo tipo, non específico desta acción formativa. Mediante a programación que presentan pretenden proporcionar ao alumnado os coñecementos teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para aplicalos. Traballarán a través dunha metodoloxía teórico-práctica activa, participativa e dinámica, intentando crear un espazo de encontro e intercambio, e potenciando o traballo en grupo (foro de debate, exercicios prácticos e cuestionarios de avaliación do temario). Presentan unha programación onde se traballará especificamente co alumnado, as dificultades que poidan condicionar a súa aprendizaxe de materias instrumentais básicas e tamén axudalos a organizar as tarefas escolares coa finalidade de facilitarlle o seguimento do ritmo da aula. Os obxectivos e o contido programático da acción formativa correspóndense coa finalidade da actividade proposta nos pregos.	O persoal que imparta a acción formativa contará coa correspondente titulación oficial que garanta a calidade da formación. Especifican a entrega de manual formativo, medios didácticos (escritos, audiovisuais e informáticos), material funxible e medios técnicos.	Valórase positivamente o sistema que ofrece a empresa de resolución de incidencias, e a comunicación co departamento de Mocidade, aínda que todo proceso de inscrición así como a organización da acción formativa (lugar de realización, datas e horario, listado de participantes, comunicación cos mesmos, etc) corresponderalle ao propio departamento de Mocidade, que facilitará os datos á empresa, non á inversa. A avaliación (formativa e sumativa) e os seus resultados a través do control de asistencia, os cuestionarios de satisfacción e o informe final con reportaxe fotográfica está ben estruturada.
10	10	10

- **QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.: 40 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos

Presentan unha proposta encamiñada a mellorar o perfil académico dos participantes, a través dunha formación complementaria e integral para o alumnado de ESO. A programación presentada de obxectivos, contidos e actividades para o desenvolvemento da acción formativa correspóndese co solicitado nos pregos do programa. Presentan uns contidos e actividades descritos de maneira ampla e específica por cada área (letras e ciencias) . Utilizan unha metodoloxía teórico práctica mediante o desenvolvemento de competencias que posibiliten unha aprendizaxe continua e adaptativa aos continuos cambios formativos.	O docente é un profesional con formación e experiencia na materia (especifica a formación do docente). Especifica a entrega de material ao alumnado, material funxible, material didáctico,...	Presenta un sistema de avaliación da acción formativa correcta (diagnóstica, procesual e final). A avaliación final elaborarase a través dunhas enquisas de satisfacción aos participantes que se entregarán xunto cunha memoria final ao departamento. Designan unha persoa coordinadora do proxecto, ademais do docente, para estar en contacto e coordinación co departamento de Mocidade.
20	10	10

- **SERVIPLÚS TOTAL S.L.: 30 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha memoria explicativa completa para o desenvolvemento da acción formativa. Os obxectivos e contidos correspóndense aos especificados nos pregos, xa que fan referencia a potenciar o aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado de 1º e 2º de ESO. Plantexan uns obxectivos xerais do programa, uns obxectivos do profesorado, e uns obxectivos de cada área, establecendo a correcta diferenciación das competencias curriculares coas que se corresponden e que se traballarán en letras e ciencias. Utilizarán unha metodoloxía didáctica comunicativa, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos, especialmente naqueles aspectos máis directamente relacionados coas competencias básicas.	Non especifica os recursos humanos que desenvolverán a actividade. Agás polo material funxible e audiovisual que describe inicialmente, a memoria especifica material impreso de clases de matemáticas (este material sería útil dentro da área de ciencias pero insuficiente en relación a outras materias incluídas na acción formativa.	Non especifican o sistema de avaliación que seguirán para o bo desenvolvemento da acción formativa nin do progreso do alumnado. En canto á coordinación co departamento de mocidade establecen unha reunión previa do docente co responsable do concello, e a presentación mensual dunha memoria do funcionamento da clase.
20	5	5

Concello de AMES

LOTE N.º 6.- CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE (máximo 50 puntos)

- **ARENARIA COORDINACIÓN S.L.: 50 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha memoria explicativa completa para o desenvolvemento da acción formativa. Os obxectivos e contidos correspóndense aos especificados tanto nos pregos como no Decreto 50/2000, ampliando incluso contidos relacionados e ben valorados para un futuro monitor/a de tempo libre (primeiros auxilios, atención a colectivos desfavorecidos, curso oficial de manipulador de alimentos, etc.). Presentan unha distribución de contidos por módulos especificando e adaptando a carga horaria de cada un. Tamén se valora positivamente á adaptación de contidos segundo as necesidades e características socioculturais e educativas da comarca á que fan referencia, e as saídas e visitas que propoñen e que enriquecen a formación do curso (instalacións administrativas, espazos naturais protexidos ou declarados de interese, instalacións de entidade de carácter social, etc.) Utilizan unha metodoloxía dinámica, de observación e manipulación na que se fomenta a participación activa e o diálogo, a través de actividades principalmente de carácter grupal, estimulando deste xeito o traballo en equipo, tan importante neste eido. As estratexias metodolóxicas fomentarán a reflexión, o razoamento e o análise crítico así como a comprensión, valoración e interpretación da realidade.	Especifican a relación de docente que impartirá o curso, todos con titulacións no eido do tempo libre, e titulacións específicas e experiencia segundo os contidos a impartir. Aportan material audiovisual, funxible e material específico para as dinámicas, xogos e actividades moi completo e variado.	Especifican por un lado, un sistema de avaliación do alumnado (actitude, comportamentos,...) a través da observación continua e a revisión de tarefas (actividades entregadas e adecuación aos contidos). Por outro lado levarán a cabo unha avaliación do proceso de desenvolvemento do curso a través de enquisas de avaliación e de reunións entre o profesorado para a valoración e a toma de decisións durante o mesmo. En canto á coordinación co departamento de mocidade establecen unha comunicación fluída, informando do avance da acción formativa e dos contratempos ou situacións de necesidades a resolver.
30	10	10

- **FESAN. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES: 40 puntos**

PLAN DE TRABALLO E METODOLOXÍA A SEGUIR Máximo 30 puntos	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO Máximo 10 puntos	COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE E SISTEMA DE AVALIACIÓN Máximo 10 puntos
Presentan unha memoria explicativa completa para o desenvolvemento da acción formativa. Os obxectivos e contidos correspóndense aos especificados no Decreto 50/2000, e ofrece a maiores un curso en liña de hixiene e manipulación de alimentos cunha duración de 5 horas. Presenta unha distribución de contidos por módulos e carga horaria segundo se establece no decreto. Apostan polo traballo en grupo e a comunicación nas súas actividades como ferramenta dentro dun proceso que axude a fortalecer ao individuo e ao grupo do que forma parte. Planifican o curso por tipo de actividades (de formación, de difusión, artísticas, lúdicas e sociais) sen concretar a metodoloxía a utilizar durante o desenvolvemento da acción formativa.	Especifican a relación de docentes que impartirá o curso, e o persoal que coordinará a actividade, todos con titulacións no eido do tempo libre, e titulacións específicas e experiencia segundo os contidos a impartir. Aportan equipamentos, material funxible e material específico para as dinámicas, xogos e actividades completo e variado.	A avaliación da acción formativa basearase nunha avaliación continua personalizada. Estarán implicados todos os axentes (alumnado, profesorado e coordinador do curso). Terase en conta a avaliación grupal ao longo do curso, cuestionarios de avaliación individual ao rematar os módulos, enquisas de satisfacción para avaliar a calidade da formación, controis de asistencia, follas de seguimento das dúas fases (teórica e práctica), suxerencias propostas e os traballos do curso. En canto á coordinación co departamento de mocidade, designan un responsable do contrato para exercer de interlocutor co concello, e establecen reunións ordinarias (iniciais, de seguimento e final de avaliación do servizo) e extraordinarias, a petición dalgunha das dúas partes. Elaboraranse informes, memorias e cuestionarios de avaliación/satisfacción e calquera outra documentación que requira o concello. Habilitan un correo electrónico e teléfonos de contacto para unha comunicación fluída.
20	10	10

Concello de AMES

3. RESULTADO DA VALORACION DE PROPOSTAS

EMPRESA	LOTE 1: PRIMEIROS AUXILIOS
MAGNAFOR QUALITAS S.L.	25
ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	20
SENES CIT S.L.	15
ARENARIA COORDINACIÓN S.L.	**45**
QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.	35

EMPRESA	LOTE 2: LINGUA DE SIGNOS
ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	**30**

EMPRESA	LOTE 3: MÁIS QUE 2.0
MAGNAFOR QUALITAS S.L.	30
ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	30
QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.	35
SERVIPLÚS TOTAL S.L.	20
NORFORMACIÓN S.L.	**45**
GDOCE GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	35

Concello de AMES

EMPRESA	LOTE 4: ENGLISH TODAY!
ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	30
QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.	**40**
SERVIPLÚS TOTAL S.L.	15
SPEAK GALICIA	5

EMPRESA	LOTE 5: REFORZO EDUCATIVO
ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	30
QUELQUM SERVICIOS PARA EMPRESAS S.L.	**40**
SERVIPLÚS TOTAL S.L.	30

EMPRESA	LOTE 6: CMTL
ARENARIA COORDINACIÓN S.L.	**50**
FESAN. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	40

Ames, 19 de abril de 2018

Asdo.: Pilar Villaverde Cutrín

Firmado por PILAR VILLAVERDE CUTRÍN - 44821602F
Fecha: 19/04/2018 12:51:18 CEST